

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A UTILIZACIÓN DA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DA USC POR PARTE DO ALUMNADO DO BACHARELATO INTERNACIONAL DOS CENTROS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (en diante, a Consellería), que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, e no das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro (DOG nº 242, do 1 de decembro), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Doutra parte, _____, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en diante, a USC), que actúa en nome e representación dela, en virtude do Decreto 57/2018, do 31 de maio (DOG do 5 de xuño), do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, e polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da USC.

As partes recoñécense reciprocamente, no carácter con que interveñen, plena capacidade xurídica para a sinatura deste convenio e, para tal efecto,

EXPOÑEN

I. Que o Estatuto de Autonomía de Galicia, na redacción dada pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 31 atribúelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia plena da regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

Ademais, mediante o Real decreto 1763/1982, traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ensino non universitario.

II. No ámbito da Administración autonómica de Galicia, a Consellería é o departamento que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de xestión dos centros de ensino público de educación secundaria situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

III. Dentro dos centros que son titularidade da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia algúns deles imparten o Bacharelato Internacional. Dentro desta modalidade de bacharelato, o alumnado debe realizar, como un dos compoñentes troncais do Programa do Diploma (PD) do Bacharelato Internacional (IB), unha monografía inédita. Trátase dun traballo de investigación independente e dirixido polo propio alumnado, que culmina cun ensaio de 4.000 palabras.

A Monografía constitúe unha preparación práctica para os traballos de investigación universitarios así como unha oportunidade para que o alumnado investigue un tema que lles interese especialmente e que estea relacionado cunha das seis materias do PD que estean cursando

Mediante o proceso de investigación para a monografía, o alumnado desenvolve habilidades para formular unha pregunta de investigación apropiada; levar a cabo unha exploración persoal do tema; comunicar ideas, e, por último, desenvolver un argumento.

IV. A USC, a través da súa Biblioteca Universitaria (BUSC), dispón dunha ampla colección



de recursos bibliográficos que lle pode ser de grande utilidade ao alumnado desta modalidade de bacharelato para a realización da indicada monografía.

V. Que é de interese para as dúas institucións colaborar para que o alumnado do Bacharelato Internacional, dos centros dependentes da Consellería, teñan facilidades para a realización de traballos de calidade que deben realizar, accedendo ás bibliotecas da USC, o que permite dar a coñecer ao estudiantado os servizos que a Universidade ofrece neste ámbito.

VI.- Que é de interese para a USC que o seu profesorado e o persoal investigador poida acceder á rede de bibliotecas, museos e arquivos da Comunidade Autónoma de Galicia, para a realización dos seus traballos de investigación.

Consecuentemente con todo o indicado, a Consellería e a USC manifestan a súa vontade de asinar un convenio de cooperación educativa para a realización das indicadas actividades, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto que o alumnado do Bacharelato Internacional dos centros públicos dependentes da Consellería poida acceder ao fondo bibliográfico da BUSC, co fin de realizar a monografía establecida nesta modalidade de bacharelato ao rematar o segundo ano de formación, así como para que o profesorado e persoal investigador acreditado da USC poida acceder á rede de bibliotecas, museos e arquivos da Comunidade Autónoma de Galicia, para a realización dos seus traballos de investigación.

Segunda. Obrigas da USC

Mediante a sinatura deste convenio, a USC comprométese a realizar a seguinte actuación:

- Facilitar o acceso ao seu fondo bibliográfico a todo o alumnado dos centros que imparten o Bacharelato Internacional, para que poidan recabar datos para a elaboración da preceptiva monografía, que deben realizar ao rematar o segundo ano desta modalidade de bacharelato. O devandito acceso realizarase atendendo á normativa de funcionamento vixente que a BUSC ten establecida para os usuarios externos.
- Velar por que o profesorado e o persoal investigador da USC respecte escrupulosamente toda a normativa interna de bibliotecas, museos e arquivos autonómicos aos que accedan.

Terceira. Obrigas da Consellería

Pola súa parte, a Consellería comprométese a realizar as seguintes actuacións:

- Facilitar ao alumnado de Bacharelato Internacional unha credencial que lle permita poder solicitar o carné para acceder ás bibliotecas dependentes da USC.
- Facilitarlle á USC que o seu profesorado e persoal investigador acreditado poida acceder á rede de bibliotecas, museos e arquivos da Comunidade Autónoma de Galicia para a realización dos seus traballos de investigación.
- Velar por que o alumnado dependente dos seus centros respecte escrupulosamente toda a normativa interna das bibliotecas ás que accedan (horarios, condicións de préstamos de libros, etc).

Cuarta. Rexistro de convenios

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da/s parte/s asinante/s deste convenio á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Quinta. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura e estará vixente durante 4 anos desde esa data, de acordo co establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes cunha notificación á outra con dous meses de antelación.

Sexta. Comisión de coordinación, seguimento e avaliación

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de coordinación, seguimento e avaliación, composta por dous/dúas representantes de cada unha das partes asinantes, coa seguinte composición:

Por parte da Consellería:

- Presidente/a da Comisión: a persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, ou persoa en quen delegue..
- Unha persoa da Subdirección Xeral de Innovación, Orientación e Formación dos Recursos Humanos, designada pola persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

Por parte da USC:

- Secretario/a da Comisión: a persoa titular da Vicerreitoría de Investigación e Innovación, ou persoa en quen delegue.
- O/A director/a da Biblioteca Universitaria.

As funcións da comisión serán as seguintes:

- Velar conxuntamente polo correcto funcionamento das actuacións obxecto deste convenio.
- A avaliación das actuacións, unha vez finalizadas.



O réxime xurídico desta comisión será o establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para os órganos colexiados.

Sétima. Protección de datos persoais

1. Tratamento de datos persoais

O tratamento de datos persoais realizado ao amparo do presente convenio, rexerá polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXP), pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD), así como cantas outras normas legais ou regulamentarias afecten, desenvolvan ou substitúan ás anteriores neste ámbito.

Cada parte xestionará o seu propio tratamento e será responsable do mesmo.

2. Datos dos representantes das persoas xurídicas intervenientes

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do convenio, representantes, empregados ou outras persoas físicas que actúen en nome ou por conta da outra parte serán tratados unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXP.

3.- Exercicio dos dereitos en materia de protección de datos

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, de acordo coa normativa de aplicación:

- Respecto á USC: a través da Sede electrónica en



<https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>

Tamén dispón de información adicional na seguinte web:

<https://www.usc.es/es/normativa/protecciondatos/Politica-privacidade.html>.

- Respecto á Consellería: a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Oitava. Causas de resolución

Este convenio resolverase polas seguintes causas:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgún dos seus puntos.
- b) Por mutuo acordo das partes.
- c) Polo remate da súa vixencia.
- d) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

Novena. Normativa aplicable

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

Aínda que este convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e



2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto nel aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

Décima. Xurisdición

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Décimo primeira

Este convenio substitúe e, polo tanto, deixa sen efecto o convenio suscrito para o mesmo fin entre as partes o 28 de novembro de 2017.

Ao estaren as dúas partes conformes co estipulado, asinan dixitalmente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade Román Rodríguez González	O reitor da Universidade de Santiago de Compostela
--	--